REVISIÓN nº : Data

# PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O plan de atención á diversidade deberá incluír todas as actuacións que levará a cabo o centro para atender á diversidade

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 26/03/2019
DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 26/03/2019
DATA 1ª REVISIÓN:
DATA 2ª REVISIÓN:

**O plan deberá revisarse cada 4 anos. Cada ano elaborarase unha concreción anula que se incluirá na PXA.**

Táboa de contido


Táboa de contido....2

**1.XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO EN RELACIÓN Á TIPOLOXÍA DO ALUMNADO....6**

**2.IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES....6**

**2.1. ALUMNADO CON N.E.E. (PROBLEMAS DE CONDUTA E DISCPACIDADE)....6**

**2.2. ALUMNADO CONDIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE....6**

**2.3. ALUMNADO CON TDAH....6**

**2.4. ALUMNADO TEA (INCLUÍNDO ASPERGER)....6**

**2.5. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS....6**

**2.6. ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO, OU POR CONDICIÓNS PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR....6**

A.INMIGRANTES....6

B.ALUMNADO REPETIDOR....6

C.ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES....6

D.ALUMNADO CON ATENCIÓN HOSPITALARIA OU DOMICILIARIA....6

E.ALUMNADO CON ATRASO CURRICULAR XENERALIZADO....6

F.ALUMNADO CON RISCO SUICIDA....6

G.ALUMNADO ABSENTISTA....6

H.ALUMNADO EN RÉXIME DE ACOLLEMENTO OU EN SITUACIÓN SOCIAL DESFAVORECIDA....6

**3.OBXECTIVOS....6**

**4.DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....7**

**4.1. PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO....7**

A.COMUNICACIÓN AO TITOR/A....7

B.TRASLADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN....7

C.RECOLLIDA E INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN PROPORCIONADA DA ETAPA ANTERIOR....7

D.COMUNICACIÓN DA INFORMACIÓN RELEVANTE AO PROFESORADO NA AVALIACIÓN INICIAL....7

**4.2. RELACIÓN DE PROGRAMAS DE IMPLEMENTACIÓN POTENCIAL E ORGANIZATIVAS PREVISTAS PARA TODO O CENTRO....7**

A.PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO ALUMNADO....7

B.PROTOCOLO DE ACOLLIDA DAS FAMILIAS......7
C.PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN...7
D.CONTRATOS-PROGRAMA......7
E.PFP RELACIONADOS COA CONVIVENCIA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.........7
F.PROTOCOLO DE ABSENTISMO......7
G.PROTOCOLO TDAH......7
H.PROTOCOLO TEA......8
I.PROCEDEMENTO CO ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA......8
J.PROCEDEMENTO DE INCLUSIÓN DO ALUMANDO DE INCORPORACIÓN TARDÍA 8
K.PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES......8
L.PLAN DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR......8
**5.MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS**.........8
**5.1. MEDIDAS ORDINARIAS**......8
A.ELABORACIÓN DOS GRUPOS......8
B.DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS......8
C.EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA......8
D.APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO......8
E.APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA......8
F.PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR......8
G.PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS......8
H.PROGRAMAS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES . .8
I.PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS......8
J.PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS......8
K.PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA........8
**5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**......9
A.ADAPTACIÓNS CURRICULARES......9
B.AGRUPAMENTOS FLEXIBLES......9
C.APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE......9
D.FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN...........9
E.MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA......9
F.PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR)...9
G.FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA......9

H.ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO........................................................................................9

I.ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA.................................9

J.GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS.............................................................9

K.GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR............................10

L.ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR.......10

6.**CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESEÑADAS**..........................10

**6.1. MEDIDAS ORDINARIAS**.......................................................................10

A.ELABORACIÓN DOS GRUPOS.........................................................................10

B.DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS.....................................................................10

C.EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA......................................................10

D.APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO..........................................................10

E.APOIO DO PROFESORADO DENTRO DA AULA..................................................10

F.PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR.........................................11

G.PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS...............11

H.PROGRAMAS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES 11

I.PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS..............................11

J.PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS..................................................11

K.PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA......12

**6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**...............................................................12

A.ADAPTACIÓNS CURRICULARES.........................................................................12

B.AGRUPAMENTOS FLEXIBLES..............................................................................12

C.APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE.....................................................................12

D.FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN..........12

E.MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA..........................................13

F.PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR). 13

G.FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA.................................................................13

H.ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO........................................................................................13

I.ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA...............................13

J.GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS...........................................................14

K.GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR............................14

L.ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR.......14

7.MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN....14

7.1. REUNIÓNS NO PROPIO CENTRO....14

7.2. REUNIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS....14

7.3. REUNIÓNS COS CENTROS ONDE EXISTA ALUMNADO EN ESCOLARIZACIÓN COMBINADA....14

7.4. REUNIÓNS COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA....15

8.CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO....15

8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES LEGAIS....15

8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS....15

8.3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO....15

9.PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS....15

9.1. DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN....15

9.2. ADAPTACIÓN CURRICULAR

9.3. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN
....

9.4. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES....

9.5. PMAR....

9.6. MODALIDADES DE ESCOLARIZACIÓN DIFERENTES DA ORDINARIA

A.EDUCACIÓN ESPECIAL A TEMPO COMPLETO OU COMBINADA....

B.ATENCIÓN DOMICILIARIA....

C.ATENCIÓN HOSPITALARIA....

10. MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS POLA CONSELLERÍA....16

10.1. ABSENTISMO....16

10.2. TDAH....16

10.3. TEA....17

11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN....17

ANEXOS....18

1.CONCRECIÓN ANUAL....18

A.HORARIOS DO PERSOAL ENCARGADO DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS ACNEAE....................18

B.LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE, ATENDIDOS POR PT, AL, A.T.E................23

**2.CRONOGRAMA PARA A IMPLANTACIÓN ANUAL DO PAD**...............................25

## 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO EN RELACIÓN Á TIPOLOXÍA DO ALUMNADO

Para esta concreción teremos que ter en conta o *contexto* no que nos desenvolvemos. O CEIP de Sestelo-Baión é un colexio público dependente da Xunta de Galicia no que se imparten as ensinanzas oficiais de educación infantil e educación primaria e que se atopa no lugar de Sestelo, na parroquia de Baión e no extremo nororiental do concello pontevedrés de Vilanova de Arousa. Por esa condición de limítrofe, a parroquia de Baión está máis próxima ao núcleo urbano de Vilagarcía de Arousa (7km) e Caldas de Reis (9 km) que ao da súa propia capital municipal (13 km). Isto trae como consecuencia que a actividade social, comercial e lúdica dos seus veciños se desenvolva con maior frecuencia nestes lugares que na propia Vilanova. Os lazos entre Baión e Vilagarcía son históricos pois durante un breve período do século XX formaron parte do mesmo concello.

O concello de Vilanova de Arousa forma parte da comarca do Salnés, que se caracteriza por ser unha das máis turísticas de toda Galicia e polo seu clima benigno, con invernos húmidos pero suaves (4º) e veráns cálidos pero non extremos (25º). Desde o punto de vista económico hai que salientar que os sectores máis dinámicos en creación de emprego e riqueza son o vitivinícola, as industrias alimentarias e a hostalería e o turismo. A construción, nos anos de auxe, deu emprego a moitos habitantes da parroquia e a súa debilidade actual tamén trouxo unha baixada acusada das rendas familiares e da ocupación da poboación activa masculina.

Hai que sinalar tamén que a partires do ano 2010 o crecemento da matrícula do centro debeuse en importante proporción ao alumnado procedente do veciño concello de Vilagarcía de Arousa, onde moitos colexios están saturados, polo que a extracción familiar do alumnado actual ofrece maior complexidade que a existente hai anos medrando deste xeito a porcentaxe de nenos e nenas que viven nunha contorna urbana.

No primeiro trimestre do curso 2012-2013 realizouse unha enquisa ás ***familias*** do alumnado co fin de coñecer as razóns de matricularse no noso centro, o seu grao de satisfacción, a valoración de certos aspectos educativos e a utilización do tempo de ocio e de estudo. O 65 por cento dos pais e nais entregaron a enquisa debidamente cuberta.

Dos resultados derívase que o motivo fundamental de elección deste centro é o reducido número de alumnado por aula .Outros motivos relevantes na decisión foron

a proximidade xeográfica e as recomendacións favorables. O cen por cen das enquisados que a entregaron declararon a súa satisfacción co funcionamento do colexio e a súa disposición a recomendar o colexio ao seu entorno familiar e de amigos. A educación en valores como o da tolerancia e xenerosidade así como o comportamento xeral do alumnado foron dous dos elementos sobre os que máis incidiron os pais e nais, relegando nesa xerarquía os traballos de casa ou as cualificacións.

A enquisa tamén proporcionou información sobre a composición das familias de xeito que predomina con rotundidade a familia nuclear non monoparental que nunha cuarta parte aproximadamente convive cos avós.

O ***centro*** as imparte as ensinanzas correspondentes o 2º ciclo da Educación Infantil e aos 6 cursos da etapa de Educación Primaria. É un centro dunha soa liña que no actual curso conta con 2 unidades mixtas de Educación Infantil. Podendo darse algunha variación de ano en ano, o número de alumnado ronda os 117 alumnos. O horario lectivo é de xornada contínua de 9:00 a 14:00, realizándose actividades extraescolares polas tardes.

En canto o ***profesorado***, o centro conta con titores e especialistas (orientación, relixión e audición e linguaxe itinerantes) somos un total de 15 docentes.

En xeral o ***alumnado*** do centro é variado en canto a intereses, motivacións, capacidades e necesidades. A maioría son castelá falantes. Moitos empregan o transporte escolar.

Estamos ***adscritos*** ao IES Faro das Lúas co que mantemos varios contactos ao longo do curso que nos permiten seguir liñas de actuación comúns e procurar que a transición entre a etapa de Primaria e Secundaria sexa o máis doada posible.

## 2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Antes de iniciar o deseño do plan e establecer os obxectivos básicos do noso centro en canto á atención á diversidade, é preciso realizar unha análise do contexto educativo que nos permita establecer o marco no que se vai desenvolver e identificar as necesidades do centro no seu conxunto para formular os obxectivos a acadar. Para iso, dende o Departamento de Orientación en colaboración coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e co claustro de profesores realizamos unha valoración das necesidades a partir de diversos ámbitos.

O centro, aínda que é pequeno, ten alumnado con diferentes necesidades, e moi variadas.

Cabe dicir aquí que ao ser un centro con pouco alumnado, as familias que teñen nenos con necesidades educativas especiais soen matricular aos seus fillos e fillas nestes centros, porque saben que van a recibir unha atención máis individualizada, pola ratio de alumno por aula.

Temos alumnado con dificultades específica de aprendizaxe, dislexias, TEA, AACC e de incorporación tardía ao sistema educativo, este alumnado precisa necesidades de tipo persoal (pt, al e profesorado de dispoñibilidade horaria, atención temperá, pediatra, USMIX, gabinetes externos), necesidades de tipo material (material adaptado, específico ou elaborado polo propio profesorado) e necesidades de adaptacións metodolóxicas e curriculares.

### 2.1. ALUMNADO CON N.E.E. (PROBLEMAS DE CONDUTA E DISCAPACIDADE)

Necesitan mellorar:

-Os prerrequisitos básicos: atención, percepción, memoria e cumprimento de instrucións.

- Desenrolar a capacidade simbólica e de abstracción.

-Controlar a impulsividade.

-Valorar as consecuencias do seu comportamento.

-Desenrolar habilidades de interacción social.

-Potenciar a atención conxunta e a comprensión de claves emocionais.

-Entender as propias emocións e as dos demais.

-Desenrolar a empatía.

-Respectar as opinións dos demais.

### 2.2. ALUMNADO CONDIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

Necesitan mellorar:

-Os prerrequisitos básicos: atención, percepción e memoria.

- O razoamento lóxico.

-As técnicas de estudo.

- As competencias clave.

- A súa autonomía e a toma de decisións.

- As funcións executivas.

-As materias instrumentais.

- A súa motivación e autoestima.

- Na resolución pacífica de conflictos.

### 2.3. ALUMNADO CON TDAH

Necesitan:

-Mellorar os prerrequisitos básicos: atención, percepción, memoria e o seguimento de instrucións..

- Levar a cabo unhas axeitadas funcións executivas.
- Manexar ben os tempos.
- Baixar o nivel de impulsividade , empregando técnicas de relaxación.
- Adquirir actitudes responsables.
- Adoitar normas básicas de convivencia no centro e fóra del.
- Diferenciar entre condutas apropiadas e inapropiadas.
- Adquirir estratexias de autorregulación.
- Aumentar os tempos de atención.
- Adquirir hábitos e rutinas.
- Acadar autonomía.
- Motivación polos estudos.

### 2.4. ALUMNADO TEA (INCLUÍNDO ASPERGER)

Necesitan:

-Os mellorar prerrequisitos básicos: atención, percepción, memoria e o seguimento de instrucións.

- Adquirir un sistema de comunicación funcional.
- Adquirir rutinas e hábitos.
- Expresar emocións.
- Adquirir estratexias de autorregulación.
- Saber poñerse no lugar do outro (empatía).
- Adquirir autonomía.
- Adquirir actitudes responsables.
- Adoitar normas básicas de convivencia no centro e fóra del.
- Diferenciar entre condutas apropiadas e inapropiadas.
- Ter unhas relacións sociais axeitadas.
- Traballar a “Teoría da Mente”.
- Participar na toma de decisións.

### 2.5. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Necesitan:

- Aprender a xestionar a frustración, a impulsividade e os tempos de espera.

- Acadar unha correcta escoita activa.

- Adquirir estratexias de autorregulación das emocións.

- Ter estratexias de autoorganización.

- Potenciar a súa creatividade.

- Mellorar a empatía e aceptar as diferenzas.

- Ser quen de traballar na ensinanza titorizada.

- Ter estratexias de autoorganización.

- Que se lle enriqueza o seu currículo: horizontal ou verticalmente.

- Que se fomenten as competencias clave, especialmente: aprender a aprender, social e cívica e sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

- Adquirir actitudes responsables.

- Adoitar normas básicas de convivencia no centro e fóra del.

- Acadar autonomía.

### 2.6. ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO, OU POR CONDICIÓNS PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR

#### A. INMIGRANTES

No centro temos escolarizado alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo. Todos eles coñecen unha das linguas vehiculares, polo que non foi necesaria a medida extraordinaria de grupo de adquisición de linguas.

Cando un alumno procedente doutro país, se escolariza por primeira vez no noso centro educativo, a liña a seguir é a seguinte:

- Entrevista co alumno e coas familias.
- Darlle a coñecer o funcionamento do centro: as diferentes instalacións, explicándolles a función de cada espazo, os horarios, as NOFC, presentación do profesorado, programas que se levan a cabo no centro. Esta función levarana a cabo a dirección do centro, o/a orientador/a e o/a titor/a.
- Valoración do alumno polo D.O.
- Elixir un alumno titor que o acompañe polo centro, sobre todo nos primeiros días.

#### A. ALUMNADO REPETIDOR

Co alumnado repetidor complimentaremos o Plan do alumnado repetidor.

Deberá ser complimentado, na medida do posible polo titor co cal o alumno chegou á repetición, e polo mestre titor do curso seguinte, se non é o mesmo, coa colaboración das persoas que forman parte do D.O., se fose o caso.

### B. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Co alumnado repetidor complimentaremos o Plan do alumnado con materias pendentes.

Deberá ser complimentado, na medida do posible polo titor co cal o alumno chegou á repetición, e polo mestre titor do curso seguinte, se non é o mesmo, coa colaboración das persoas que forman parte do D.O., se fose o caso.

### C. ALUMNADO CON ATENCIÓN HOSPITALARIA OU DOMICILIARIA

Non temos alumnado con atención hospitalaria nin domiciliaria.

No caso de ter alumnado en este tipo de escolarización, levaremos a cabo as actuacións que determina o protocolo de atención hospitalaria e domiciliaria, respectivamente.

### D. ALUMNADO CON ATRASO CURRICULAR XENERALIZADO

Cando un alumno amosa un desfase curricular de 2 curso ou máis, será obxecto de ACS nas áreas ou materias obxecto de desfase. Para levar a cabo esta medida, primeiro deberemos esgotar as medidas ordinarias.

O profesorado que imparte as áreas a adaptar será o encargado de realizar a ACS nesa área, coa colaboración por parte do D.O., se fose o caso.

A ACS, será enviada á inspección para a súa aprobación no primeiro trimestre.

### E. ALUMNADO CON RISCO SUICIDA

Non hai alumnado con risco suicida neste momento no colexio. No caso de habelo aplicaráselle o protocolo correspondente. Estableceremos unha persoa de referencia no centro para darlle apoio ao alumnado nesta situación, e colaboraremos estreitamente coa familia e coa USMIX.

### F. ALUMNADO ABSENTISTA

Ao alumnado que non asiste con regularidade ao centro escolar, pero non chega ao 10% de ausencias, o titor falará coa familia, para comunicarlle o perxudicial que é para o alumno, a non asistencia ao centro educativo, e en que momento se activará o protocolo.

Cando un alumno chega a faltar un 10% do período lectivo sen xustificar, aplicaráselle o protocolo de absentismo escolar.

Unha vez que se aplica o protocolo, e a situación se resolve, traballarase coa familia para que a situación non volva a ocorrer.

### G. ALUMNADO EN RÉXIME DE ACOLLEMENTO OU EN SITUACIÓN SOCIAL DESFAVORECIDA

Non hai alumnado nesta situación neste momento. De habelo levaremos a cabo reunións de seguimento e control cos Servizos Sociais do Concello, e co Servizo de Menores, se fose o caso. Traballaremos coas familias en todo aquilo que favoreza a este alumnado.

## 1. OBXECTIVOS

A través deste Plan Xeral de Atención á Diversidade se pretenden acadar os seguintes**:**

### 3.1. XERAIS:

- ✓ Participarar co centro educativo e no proceso de ensino-aprendizaxe, colaborando na revisión e elaboración de tódolos documentos do centro.
- ✓ Garantir unha educación de calidade.
- ✓ Deseñar e desenvolver medidas de atención á diversidade, tantordinarias como extraordinarias ( D.229/2011).
- ✓ Definir de xeito claro as necesidades do alumnado e darlle a resposta máis axeitada a esas necesidades.
- ✓ Atender á diversidade en toda a súa amplitude.
- ✓ Proporcionar estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes.
- ✓ Dar a coñecer á toda a comunidade educativa os diferentes protocolos do centro.
- ✓Establecer criterios pedagóxicos que orienten na adopción de decisións respecto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- ✓ Asesorar, promover e afondar na acción titorial do profesorado deseñando accións encamiñadas á atención temperá, a relación coas familias, a favorecer un clima de convivencia e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe do alumnado, así coma os que poidan derivarse dos cambios de ciclo ou etapa.
- ✓ Proporcionar apoio psicopedagóxico á totalidade do alumnado, especialmente aos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, á avaliación, aos criterios de promoción e á implicación persoal do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Acadar solucións para os problemas que afectan ao conxunto do proceso de ensino-aprendizaxe en colaboración cos órganos unipersoais e colexiados, así coma cos demais servizos.

### 3.2. ESPECÍFICOS:

#### 3.2.1.- OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROPIO CENTRO:

- ✓ Constituir o Departamento de Orientación e establecer as liñas xerais de actuación para cada curso académico.
- ✓ Establecer o réxime de funcionamento do Departamento de Orientación (calendario de reunións, horarios PT e AL, etc.).
- ✓ Asesorar técnica e legalmente na revisión do PEC.
- ✓ Colaborar na redacción do plan de convivencia do centro, no proxecto lector, no plan de introdución das novas tecnoloxías da información e comunicación, no proxecto lingüístico do centro e en calquera outro que se leve a cabo no centro.
- ✓ Coñecer e difundir as disposicións legais vixentes.
- ✓ Establecer criterios de carácter organizativo e pedagóxico a fin de contribuír á dinamización da planificación educativa.
- ✓ Promover a coordinación e cooperación entre o Centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.

✓ Asesorar e orientar á comunidade educativa (Equipo directivo, profesorado, alumnado, Asociación de Pais e Nais, Comisión de Coordinación Pedagóxica,...) favorecendo sempre as canles de comunicación e de actuación.

### 3.2.2.- Obxectivos referidos ao alumnado:

✓ **Educación Infantil (2º ciclo):**

- Facilitar e orientar a integración dos nenos e nenas, especialmente daqueles alumnos con NEE e NEAE.
- Axudar a lograr un desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración dos nenos e nenas no grupo.
- Promover a colaboración das familias e orientalas no relativo á adquisición de hábitos de autonomía e autocoidado.
- Colaborar co equipo docente no deseño de cuestionarios destinados ao coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares de cada un dos alumnos e alumnas, promovendo estratexias facilitadoras dunha aprendizaxe significativa.
- Asesorar na observación de condutas do neno ou nena.

**Educación Primaria (1º e 2º):**

- Asesorar nas estratexias para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares do alumnado.
- Facilitar estratexias e instrumentos que favorezan o tránsito da familia á escola, ou de Educación Infantil a Educación Primaria.
- Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación e avaliación sistemáticos.
- Colaborar co profesorado na pronta detección das posibles necesidades educativas para establecer a resposta educativa máis axeitada e potenciando as iniciativas de compensación de desigualdades.
- Realizar accións encamiñadas á prevención de dificultades na aprendizaxe do alumnado, incidindo especialmente na busca de estratexias que favorezan a aprendizaxe da lecto-escritura.
- Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Realizar exploracións psicopedagóxicas do alumnado, facilitando orientacións cara á mellora no dominio das áreas instrumentais e á implicación propia no proceso de ensino-aprendizaxe.

✓ **Educación Primaria ( 2º e 3º):**

- Asesorar nas estratexias para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares do alumnado.
- Facilitar estratexias e instrumentos destinados ao tránsito dun ciclo a outro.
- Facilitar a iniciación e adquisición progresiva de técnicas de estudio e estratexias de traballo.
- Promover o traballo compartido e cooperativo, a experimentación e a creatividade.
- Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación e avaliación sistemáticos.
- Axudar ao alumnado no proceso de autocoñecemento e autocontrol e no crecemento nuns valores democráticos, de respecto e colaboración.
- Procurar a integración do alumnado en xeral, e en especial do alumnado procedente do estranxeiro, no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Realizar exploracións psicopedagóxicas do alumnado, facilitando orientacións cara á mellora no dominio das áreas instrumentais e á implicación propia no proceso de ensino-aprendizaxe.

- Potenciar a acción titorial e de orientación educativa con fins preventivos, compensadores e de desenrolo persoal.

✓ **Educación Primaria (5º e 6º):**

- Asesorar nas estratexias para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares do alumnado.
- Facilitar estratexias e instrumentos destinados ao tránsito da Educación Primaria ao Ensino Secundario Obrigatorio.
- Promover actuacións destinadas ao adestramento en técnicas de traballo intelectual, á solución pacífica dos conflitos e á adquisición de habilidades sociais.
- Promover a formación en valores.
- Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación e avaliación sistemáticos.
- Favorecer a integración do alumnado procedente do estranxeiro e doutras comunidades autónomas.
- Realizar exploracións psicopedagóxicas do alumnado, facilitando orientacións cara á mellora no dominio das áreas instrumentais e á implicación propia no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten así como ás necesidades educativas especiais.
- Potenciar a orientación educativa, especialmente no segundo ano do terceiro Ciclo de Ed. Primaria.
- Potenciar a acción titorial e de orientación educativa con fins preventivos, compensadores e de desenrolo persoal.

### 3.2.3.- Obxectivos referidos ao profesorado:

✓ Coordinar a actuación do profesorado titor e do profesorado de apoio en relación ás necesidades educativas especiais, a través dos coordinadores de Ciclo, de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.
✓ Contar coa colaboración cos titores e especialistas nos procesos de avaliación psicopedagóxica, así como na organización da atención á diversidade do alumnado.
✓ Coordinar o proceso de avaliación de cada grupo e a información ao alumnado e ás familias.
✓ Apoiar a actuación do profesorado proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e de titoría.
✓ Asesorar no deseño, implantación e avaliación dos distintos plans que se elaboren.
✓ Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares individuais e de programas de enriquecemento curricular.
✓ Colaborar na revisión dos distintos informes, especialmente nos correspondentes a fin de ciclo e fin de etapa.
✓ Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.
✓ Deseñar as liñas de actuación para a formación do profesorado en atención á diversidade.
✓ Proporcionar estratexias, habilidades, técnicas para o control do ambiente da aula.

### 3.2.4.- Obxectivos referidos ás familias:

✓ Involucrar ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas, promovendo actividades informativas e orientadoras.

✓ Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual e colectiva, fomentando a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para unha mellor educación dos seus fillos e fillas.

✓ Informar e asesorar ás familias nos momentos en que atopen algunha dificultade na educación dos seus fillos ou fillas.

# 1. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## 4.1. PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

### A. COMUNICACIÓN AO TITOR/A

- O Reforzo educativo será unha das medidas para poñer en funcionamento por parte dos **titores/as ou especialistas en primeira instancia** coma medida ordinaria máis inmediata.
- Cando esta medida non sexa suficiente, o profesorado poderá contar co apoio do D.O.
- Demanda do titor/a ou o mestre/a especialista que imparta a materia obxecto de valoración ao Orientador/a, a través da cumplimentación do modelo aportado neste documento.

### A. TRASLADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- **Cumprimentación por parte do titor/a ou especialista da solicitude** de intervención do Departamento de Orientación na que se explicará o motivo da demanda. Este documento é proporcionado polo D.O.

### A. RECOLLIDA E INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN PROPORCIONADA DA ETAPA ANTERIOR

- **O Departamento de Orientación inicia un proceso de recollida de datos** para o que é imprescindible a colaboración do equipo docente que imparte clase ao/a alumno/a. O Departamento de Orientación poderá realizar unha avaliación psicopedagóxica si o considera necesario. Este proceso consiste na recollida, analise e valoración da información obtida do alumno/a pola familia, equipo educativo e do propio alumno, así como de informes e traballos anteriores e tamén da observación do alumno/a, tanto dentro como fóra da aula.
- Terase en conta esta información cando o alumnado cambie de etapa.

### A. COMUNICACIÓN DA INFORMACIÓN RELEVANTE AO PROFESORADO NA AVALIACIÓN INICIAL

- Unha vez rematado o punto anterior, o **Departamento de Orientación elabora o programa de intervención ou as pautas de intervención**, dependendo do caso, establecéndose os apoios en base aos criterios expostos no neste Plan Xeral de Atención á Diversidade. Na avaliación inicia, e nas sucesivas, se fose o caso, informarase ao profesorado da información relevante.
- O D.O. proporcionará ao profesorado do centro un modelo de avaliación inicial.
    - A avaliación da intervención especificarase no propio programa. No caso de que a avaliación non sexa positiva, revisarase outra vez o procedemento e o programa de intervención.

## 4.1. RELACIÓN DE PROGRAMAS DE IMPLEMENTACIÓN POTENCIAL E ORGANIZATIVAS PREVISTAS PARA TODO O CENTRO

PFPP

Este curso estase a levar acabo formación en Bibliotecas Escolares e en Robótica, para sacarlle un maior rendemento a este recurso, para beneficio de todo o alumnado do centro.

Contratos Programa

Dentro da modalidade contratos-programa implantemos os seguintes: PROA, mellora da competencia en comunicación lingüística, mellora da competencia matemática, mellora da convivencia e o programa de excelencia en recursos dixitais.

PROA: Este programa lévase a cabo con docente externo. Desenvólvese durante as tardes de luns e mércores de 4 a 6.

Del benefíciase o alumnado de 3º,4º que forman un so grupo.

Mellora da Competencia en Comunicación lingüística: este programa levámolo a cabo en 4º a través dun taller de expresión lingüística e nos cursos de 5º e 6º a través dun porfolio, no que os alumnos deberán de elaborar diferentes tipos de textos: conto, unha noticia, unha carta, unha receita, unha banda deseñada,....

Mellora da competencia Matemática: desenvolvemos neste programa, sobre todo o cálculo mental, empregando o método Quinzet, tanto para o sistema de numeración como para a resolución de problemas. Lévano a cabo os titores na aula.

Programa de Mellora da Convivencia: este programa xa se puxo en marcha o curso pasado, a través da implantación do servizo de mediación no centro, cara o último trimestre. A orientadora é a encargada da formación dos alumnos de 5º e 6º curso, dos que sairán os mediadores. Tamén levamos a cabo un programa de desenvolvemento de HHSS, emoción e convivencia co alumnado de 3º e 4º, que o desenvolve a orientadora.

Programa de Excelencia en Recursos dixitais: este programa estámolo poñendo en marcha, a través do PFPP. Estase dotando ao centro do material axeitado para poder poñer en marcha este proxecto durante este curso escolar.

| PROGRAMA | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN DO PROGRAMA |
|---|---|---|
| Mellora da convivencia | Todo o curso | |
| PROA | De febreiro a xuño | |
| Excelencia en recursos dixitais | Todo o curso | |
| Competencia Comunicación Lingüística | Todo o curso | |
| Competencia Matemática | Todo o curso | |

## A. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO ALUMNADO

O proceso de escolarización ao que nos temos que cinguir á hora de escolarizar alumnado con necesidade específica de apoio educativo será o seguinte:

Serán escolarizados, con carácter xeral, nos centros ordinarios, nas condicións establecidas no **Decreto 254/2012, do 13 de decembro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, e na **Orde do 12 de marzo de 2013.**

Terase tamén en conta o establecido na **Orde do 27 de decembro de 2002** pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos público do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, e a **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. Segundo o **Decreto 254/2012** e a **Orde do 12 de marzo de 2013**, nas solicitudes de admisión deberase manifestar expresamente que optan a unha praza reservada para alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, de trastornos graves de conduta ou por encontrarse en situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais; e aportar a documentación xustificativa das devanditas situacións e circunstancias alegadas para optar a esa praza. O centro remitirá a solicitude e a documentación achegada á xefatura territorial, no prazo máximo de 10 días hábiles seguintes á súa presentación, que irá acompañada da avaliación psicopedagóxica inicial realizada no centro, para a súa valoración polo Equipo de Orientación Específico. A xefatura territorial devolverá ao centro a solicitude acompañada do informe do Equipo de Orientación Específico, sobre se procede ou non a súa escolarización con cargo á reserva de prazas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo, antes da data de publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos. O prazo de admisión das solicitudes é do 1 ao 20 de marzo de cada ano. No suposto de que se produza a escolarización fóra deste prazo, remitirémonos á **Orde do 31 de Outubro de 1996** que regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos con necesidades educativas especiais que cursan ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e criterios para o ditame de escolarización. O devandito ditame levarase a cabo cando os pais soliciten a admisión no noso centro e se poida prever que este alumno vai requirir durante a súa escolarización Adaptacións Curriculares ou medios materiais complementarios, ou tamén cando sexa necesario modificar a modalidade de escolarización dese alumno.

O proceso será o seguinte:

- Os pais presentarán a solicitude de admisión.
- Será posta en coñecemento de Departamento de Orientación a través da Dirección do centro, que solicitará unha avaliación psicopedagóxica e informará á familia dos pasos a seguir.
- Unha vez realizada a devandita avaliación o Departamento de Orientación elaborará o Ditame de escolarización, no que se recollerá as conclusións da avaliación psicopedagóxica, orientacións sobre a proposta curricular máis axeitada, unha proposta razoada de escolarización en función das necesidades do alumno e das características e posibilidades dos centros da zona e a opinión asinada dos pais.
- O Departamento de Orientación dará traslado do Ditame de escolarización á Inspección, que elevará o devandito Ditame, xunto co seu Informe ao Delegado Provincial ou ao Presidente da Comisión de escolarización.
- O Delegado ou Presidente da Comisión notificará a decisión tomada á Dirección do centro, quen informará ao Departamento de Orientación e á familia.

A escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo estará suxeita a un seguimento continuado e revisarase ao final de cada etapa. Non obstante, o Dirección do centro, logo de acordalo coa familia do alumnado, poderá solicitar a revisión de escolarización cando as circunstancias o aconsellen.

## A. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DAS FAMILIAS

O protocolo de acollida das familias é á par que a acollida do alumnado, non se fai de xeito separado, establecese como unha acción conxunta. Dende o primeiro momento á familia explicáselle o funcionamento do centro e ensínanselle as instalacións do mesmo.

## B. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN

Cando un mestre/a chega por primeira vez ao centro, será a dirección do centro a encargada de presentarlle o resto do profesorado e explicarlle o funcionamento do centro. Tamén se lle ensinarán as diferentes instalacións do mesmo.

Un segundo paso será o da presentación do curso do que vai ser titor/a ou si é especialista dos diferentes cursos. Si houbese a posibilidade farase unha de reunión co profesor/a do curso pasado, de non ser así co profesorado que deu docencia nese curso e o D.O.

No caso de haber alumnado con n.e.a.e., informaráselle das necesidades e medidas a adoitar.

## C. CONTRATOS-PROGRAMA

Dentro dos contratos programa valorarase, no momento da convocatoria, cales deles son convintes  solicitar, dependendo das necesidades do alumnado, das carencias e dos seus puntos fortes. Esta decisión levarase a claustro no que deberán ser aprobados os diferentes programas a solicitar, e por último, tamén serán aprobados polo consello escolar. Este curso solicitáronse 5 contratos programa: PROA, Mellora da convivencia, Mellora da competencia Matemática e da competencia en Comunicación Lingüístca, e o programa de Excelencia.

## D. PFP RELACIONADOS COA CONVIVENCIA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dende o D.O. potenciarase a formación do profesorado en a atención á diversidade, e sobre todo naqueles necesidades que teñamos no centro. Tamén se buscarán persoas con formación en atención á diversidade, para os faladoiros de nais e pais e así darlle unha maior visibilidade ás necesidades dos nosos alumnos.

No centro levouse a cabo un PFPP de medición o curso pasado e este curso está funcionando a mediación durante os recreos.

## E. PROTOCOLO DE ABSENTISMO

Levaranse a cabo as medidas recollidas no protocolo de absentismo escolar, en calquera momento, tan pronto como xurda a situación de absentismo. Dende o D.O. deberase asesorar, a totalidade da comunidade educativa, sobre as posibles medidas e recursos, destinados a facer realidade a presenza do alumnado no centro educativo, e a súa participación activa no proceso de aprendizaxe.

## F. PROTOCOLO TDAH

O trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) responde a un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza na idade infantil. Estes patróns constitúen a sintomatoloxía nuclear do trastorno e dan lugar a

distintos subtipos de TDAH: hiperactivo-impulsivo, inatento e combinado, que son manifestacións do TDAH en distintas etapas evolutivas.

En todo caso, cando existan fundadas sospeitas de que un alumno ou unha alumna presenta TDAH, levarase a cabo unha avaliación psicopedagóxica, esta avaliación debe obter información obxectiva, entre outras cousas, sobre:

• O grao de presenza de síntomas característicos do trastorno apreciados pola familia, de acordo cos criterios diagnósticos para o TDAH.

• O grao de presenza de síntomas característicos do trastorno apreciados polo profesorado, de acordo cos criterios diagnósticos para o TDAH. Dende o punto de vista do profesorado, enténdese recomendable a obtención de información dos distintos integrantes do equipo docente e referida a diferentes situacións que se producen no ámbito escolar (aula, patio de recreo, comedor, autobús, etc.).

• A presenza de síntomas que suxiran a existencia doutras dificultades ou condicións que poden acompañar (comórbidas) ao TDAH.

• O desenvolvemento cognitivo da alumna ou do alumno.

• O grao de competencia da alumna ou do alumno na lectura, na escritura e no cálculo.

Nos anexos do protocolo aparecen instrumentos ou probas estandarizadas que usaremos para obter esa información.

Para levar a cabo a avaliación psicopedagóxica podemos solicitar o asesoramento do E.O.E.

A abordaxe do TDAH transcende o ámbito sanitario, e faise necesaria a participación activa, tanto na detección precoz coma no seguimento e tratamento, do sistema educativo e do seu ámbito familiar, cunha participación activa destes, xa que son parte integral do tratamento multidiciplinar e multimodal destes pacientes.

Por iso, os servizos de orientación e os servizos sanitarios estableceremos canles de comunicación e de intercambio de información. Ese intercambio de información debe realizarse por mediación das familias ou directamente entre os profesionais coa autorización das familias.

Pode ser que o diagnóstico nos veña dado, en ámbolos casos adoptaremos as medidas que recolle o protocolo de TDAH.

## G. PROTOCOLO TEA

Tomando como referencia os criterios diagnósticos que propón o DSM-5, o alumnado con TEA presenta:

a) Deficiencias persistentes na comunicación social e na interacción social en diversos contextos, de xeito que:

1. As deficiencias na reciprocidade socioemocional varían, por exemplo, desde un achegamento social anormal e fracaso da conversación normal en ambos os dous sentidos, pasando pola diminución en intereses, emocións ou afectos compartidos, ata o fracaso en comezar ou responder a interaccións sociais.

2. As deficiencias nas condutas comunicativas non verbais utilizadas na interacción social varían, por exemplo, desde unha comunicación verbal e non verbal pouco integrada, pasando por anomalías do contacto visual e da linguaxe corporal ou deficiencias da comprensión e o uso de xestos, ata unha ausencia total de expresión facial e de comunicación non verbal.

3. As deficiencias no desenvolvemento, mantemento e comprensión das relacións varían, por exemplo, desde dificultades para axustar o comportamento en diversos contextos sociais, pasando por dificultades para compartir xogos imaxinativos ou para facer amizades, ata a ausencia de interese por outras persoas.

b) Patróns restritivos e repetitivos de comportamento, intereses ou actividades, que, actualmente ou polos antecedentes, manifístanse en dous ou máis dos seguintes puntos:

1. Movementos, utilización de obxectos ou fala estereotipados ou repetitivos.

2. Insistencia na monotonía, excesiva inflexibilidade de rutinas ou patróns rituais de comportamento verbal e non verbal.

3. Intereses moi restrinxidos e fixos, que son anormais en canto á súa intensidade ou foco de interese.

4. Hiper ou hiporreactividade aos estímulos sensoriais ou interese non habitual por aspectos sensoriais do contorno.

c) Os síntomas deben estar presentes nas primeiras fases do período de desenvolvemento, aínda que poden non manifestarse totalmente ata que a demanda social supera as capacidades limitadas ou estar enmascarados por estratexias aprendidas en fases posteriores.

A intervención da xefa ou do xefe do departamento de orientación comeza coa chegada da solicitude de intervención, que pode proceder da familia, do profesorado titor ou ben tratarse dunha iniciativa propia. Así mesmo, a intervención da xefa ou do xefe do departamento de orientación pode deberse á existencia dunha solicitude de ditame de escolarización. En todo caso, a familia deberá estar informada do inicio deste procedemento.

Esta intervención centrarase no desenvolvemento do proceso da avaliación psicopedagóxica, segundo a O. 31 de outubro de 1995, e terá por finalidade identificar as necesidades educativas que puidese presenta un alumno ou unha alumna e poder fundamentar as correspondentes propostas, decisións e posibles derivacións. Neste proceso poderá colaborar o Equipo de Orientación Específico.

As conclusións da avaliación psicopedagóxica trasladaranse ao informe psicopedagóxico, onde se concretarán as propostas de apoio e as orientacións para o centro, o profesorado e a familia. Así mesmo, deberán figurar aquelas axudas e/ou recursos que un alumno ou unha alumna precise para o seu desenvolvemento.

Do informe psicopedagóxico deben ter coñecemento o profesorado que atende o alumno ou a alumna e a súa familia, pois a colaboración e coordinación entre o centro docente e a familia son factores imprescindibles para o axuste da atención educativa.

Se a avaliación psicopedagóxica confirma a sospeita de indicadores de TEA, trasladarase á familia a conveniencia de que o neno ou a nena reciba atención por parte dos servizos

sanitarios. En todo caso, a información que se traslade ás familias debe centrarse nos resultados dos sinais de alerta detectados, sen adiantar o diagnóstico nin empregar terminoloxía referida a un posible diagnóstico.

Pode ser que o diagnóstico xa nos veña dado, en ámbolos casos adoptaremos as medidas que recolle o protocolo de TEA.

## H. PROCEDEMENTO CO ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Será destinatario desta atención, de acordo co establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescrición médica, por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. En todos os casos contarase co preceptivo informe médico.

A incorporación do alumnado ao programa de Atención Educativa Domiciliaria farase mediante autorización da Xefatura Territorial correspondente, a instancia da familia e segundo o procedemento seguinte:

1. Solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado á dirección do centro docente, acompañada do correspondente informe dos servizos médicos, no que debe constar, entre outros aspectos, a previsión aproximada do tempo no que a alumna ou o alumno deberá convalecer no domicilio e o tempo da revisión desa previsión, así como, cando sexa posible, a conveniencia ou non de continuar o proceso formativo no domicilio durante a convalecencia.

2. Elaboración dun informe polo profesorado titor, no que consten, cando menos, os resultados das avaliacións parciais da alumna ou do alumno, a aplicación, se é o caso, doutras medidas de atención á diversidade e calquera outra información relevante do seu proceso de ensino e aprendizaxe. No caso de alumnado con necesidade específica de apoio educativo xuntarase informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do Departamento de Orientación.

3. Traslado á Xefatura Territorial correspondente dos documentos referidos nos apartados anteriores, por parte da dirección do centro docente nun prazo máximo de cinco días lectivos desde a recepción da solicitude. De xeito paralelo, darase traslado á inspección educativa correspondente dunha copia destes documentos. Esta documentación adiantarase á Xefatura Territorial por medios telemáticos.

4. A resolución sobre a solicitude de atención educativa domiciliaria corresponde á Xefatura Territorial, previo informe do Servizo de Inspección Educativa. Esa resolución, que concretará a asignación horaria, a duración desa atención e as condicións para a súa continuidade, comunicarase ao centro docente nun prazo máximo de cinco días hábiles

desde a recepción da solicitude. O centro docente dará traslado inmediato desta resolución á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.

Non hai no centro ningún alumno en esta situación. No caso de xurdir, aplicaremos o protocolo de alumnado en atención domiciliaria ou hospitalaria.

## I. PROCEDEMENTO DE INCLUSIÓN DO ALUMANDO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

Outra das medidas que todo centro debe tomar é a de incluír aquelas destinadas a integrar ao alumnado de incorporación tardía ao noso centro.

Este Plan de Acollida pretende establecer para este alumnado:

- Relacións gratificantes cos compañeiros/as e co profesorado.
- A implicación de toda a comunidade educativa.
- Uns criterios mínimos para realizar a avaliación inicial.

- ***Acollida no centro e na aula:***

Previamente ao día da incorporación do alumno/a a Dirección ou Xefatura de Estudios ensinaralle as instalacións do centro e presentará ao alumno/a e os seus acompañantes ao titor/a que se encargará de presentalo/a ao grupo clase, podendo facelo a través dun xogo ou actividade na que este alumno/a poida participar.

O titor/a establecerá un grupo de dous ou tres alumnos/as que de maneira rotativa e durante un curto período de tempo (1 semana), encargaranse de ser o referente do alumno/a nas activdades cotiás.

- ***Avaliación inicial:***

No primeiro mes da súa incorporación ao centro o alumno/a será obxecto dunha avaliación inicial na que se revisará a documentación remitida polo centro de orixe do alumno/a. Será realizada polo titor/a, e será o punto de partida para o establecemento de medidas ordinarias ou extraordinarias.

## A. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Cando un alumno/a que pasa ao seguinte curso con materias pendentes, o mestre titor/a deixará cuberto o documento proporcionado pola inspección educativa: Plan de Alumnado con materias Pendentes. Este documento establece un plan de traballo con este alumnado, así mesmo recolle os resultados acadados o curso anterior e as medidas e actuacións adoptadas tanto a nivel curricular como de atención á diversidade. Ao longo do curso farase un seguimento das áreas non superadas nas diferentes avaliacións.

## B. PLAN DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

Cando un alumno/a repite curso, o mestre titor/a deixará cuberto o documento proporcionado pola inspección educativa: Plan de Alumnado Repetidor. Este documento establece un plan de traballo con este alumnado, así mesmo recolle os resultados acadados o curso anterior e as medidas e actuacións adoptadas. Ao longo do curso farase un seguimento deste programa nas diferentes avaliacións.

# 1. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

Unha atención á diversidade de calidade implica contar cunha dotación axeitada e suficiente de recursos persoais e materiais. Ademais, no caso de alumnado con necesidades moi específicas, os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico e profesorado especialista se require para a atención a este alumnado.

**RECURSOS MATERIAIS.**

Procuraremos unha distribución flexible do espazo e o mobiliario tanto no centro coma na aula para a realización de diferentes actividades. Sempre que sexa posible utilizaranse recursos ordinarios, reservando os específicos para aqueles casos nos que sexa indispensable.

Para a selección dos materiais seguiremos os seguintes criterios:

- Ser atractivo para o alumnado.
- Que poidan ser utilizados polo máximo número posible de alumnado a través de distintas áreas e con diversas finalidades.
- Que poidan experimentar con eles.
- Que sexan sinxelos, seguros e de doada reposición.
- Que sexan variados, funcionais e polivalentes.
- Recorrerase ás axudas técnicas cando sexan precisas para cada caso concreto.
- Teranse en conta as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Cando se necesite dalgún recurso material específico non dispoñible no centro, poderase solicitar ao Centro de Formación e Recursos ou a un Centro Específico de Educación Especial, xa que estes últimos funcionan tamén como centro de recursos.

**RECURSOS PERSOAIS.**

Para a atención á diversidade o noso centro conta cos seguintes medios humanos: mestres/as titores/as, mestres/as de área, mestres/as especialistas en pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe e Departamento de Orientación. As familias son tamén un recurso fundamental, e debemos implicalas no labor educativo, mantendo unha fluída e estreita colaboración con estas, sobre todo no caso de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

Ademais dos recursos propios do centro, podemos solicitar a colaboración doutros recursos persoais externos ao centro, como o Equipo de Orientación Específico, Servicios Sociais, asociacións, Equipos de Atención Temperá...

Os criterios para establecer os apoios do profesorado de PT e AL (recursos persoais) están establecidos no punto 5.2. apartado C.

## 5.1. MEDIDAS ORDINARIAS

### A. ELABORACIÓN DOS GRUPOS

No centro somos liña 1, polo que a elaboración dos grupos faise asignando ao alumnado no curso que lle corresponda.

### B. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS

Levaranse a cabo os desdobramentos, cando na aula a desdobrar, as necesidades educativas sexan moi importantes, cando o grupo sexa moi numeroso e cando haxa profesorado para asumir o desdobre. A materia a desdobrar será aquela na que o alumnado atope unha maior dificultade. Será unha opción que terá que valorar o D.O., o equipo directivo e o mestre/a titor/a, co consentimento de inspección educativa (aínda que o D229/2011 non o recolla así).

### C. EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

En reunións do coordinación cos titores e titoras de sexto curso, propóñense para exención de 2ª Lingua Estranxeira o seguinte alumnado:

- Os que tiveron medidas de reforzo educativo durante o último curso da etapa,
- alumnado con ACS,
- alumnado con dificultades de aprendizaxe
- alumnado con materias pendentes, ou
- alumnado que promociona por imperativo legal.

## A. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO

Na **Orde do 6 de Outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currrículo na nosa comunidade autónoma, defínese o reforzo educativo como unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos do alumnado e a todo aquelo incluído no ámbito da metodoloxía. Realizaranse do seguinte xeito:

**1.** Estarán dirixidos a aqueles alumnos que coa modificación de elementos non prescitivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe.

**2.** Serán elaborados polo/a mestre/a que imparte a área na que o alumno necesita reforzo, co coñecemento do/a titor/a, que o comunicará ao Departamento de Orientación e á familia do alumno.

**3.** O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario, polo/a mestre/a da área, coa colaboración, se é o caso doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do/a mestre/a de área. Poderá ser un mestre especialista en PT ou AL, se así o aconsella o informe psicopedagóxico realizado polo Departamento de Orientación. Neste caso, o mestre especialista participará na avaliación dos aspectos relacionados coa súa actuación.

**4.** As medidas de reforzo educativo quedarán reflectidas nas actas de avaliación, expediente e historial académico do alumnado como RE.

## A. APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

O profesorado con dispoñibilidade horaria fará os apoios sempre dentro da aula, aínda que o apoio sexa a alumnado con ACS. Serán os especialistas de PT e AL, os únicos que poderán facer os apoios fóra dela, sempre que as características da metodoloxía empregada así o aconsellen, ou no caso de ACS. Este período non pode exceder 1/3 da xornada escolar.

## B. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

O D 229/2011 de Atención á diversidade, establece como medida ordinaria os programas de enriquecemento curricular, para traballar con alumnos con altas capacidades intelectuais. Estes programas poderán ser Horizontais ou Verticais.

Programas de Enriquecemento Curricular Horizontal, son aqueles que non modifican os elementos prescriptivos do currículo ordinario.

Programas de Enriquecemento Curricular Vertical, son aqueles que modifican elementos do currículo, polo tanto considerase unha ACS de ampliación curricular.

### C. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

O centro poderá adoptar un programa de reforzo das materias instrumentais básicas cando se considere que é unha medida que beneficie ao grupo ou cando no grupo haxa dificultades que deban ser melloradas. Estes programas pódense levar a cabo como materia de libre configuración, ou de xeito específico nunha das horas de lingua galega ou castelá cando os contidos sexan repetitivos e se leve a cabo un tratamento integrado das linguas.

### D. PROGRAMAS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Cando un alumno/a que pasa ao seguinte curso con materias pendentes, o mestre titor/a deixará cuberto o documento proporcionado pola inspección educativa: Plan de Alumnado con materias Pendentes. Este documento establece un plan de traballo con este alumnado, así mesmo recolle os resultados acadados o curso anterior e as medidas e actuacións adoptadas tanto a nivel curricular como de atención á diversidade. Ao longo do curso farase un seguimento das áreas non superadas nas diferentes avaliacións.

### E. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS

Cando un alumno ten materias suspensas nalgunha das avaliacións, o propio mestre que imparte a materia que suspendeu, será o encargado de levar a cabo medidas de reforzo para que o alumno supere esas materias suspensas durante o curso escolar. Deberá levar un seguimento da progresión do alumno e adoptar as medidas axeitadas. En materias de avaliación continua, considéranse superados as avaliacións anteriores si supera a última, pero así deberá estar recollido na programación de aula.

### F. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS

Non se levan a cabo.

### G. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA

No centro levaranse a cabo medidas de prevención da violencia a través dos programas, xa descritos en apartados anteriores, estes son:

Programa de HHSS e taller de emocións a alumnado de 3º e 4º de E.P. e formación de mediadores de 5º e 6º.

2)Si chegado o caso, non se resolven os problemas na mediación, ou non poden ser obxecto de mediación, o equipo directivo en colaboración co D.O., levará a cabo medidas específicas e puntuais para resolver os problemas de convivencia. De ser casos de acoso, ciberacoso ou bulling levarase a cabo o protocolo de cada un deles. Cando se trate de faltas leves, graves ou moi graves, recurriremos ás NOF para adoitar as medidas axeitadas. de

## 5.1. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

### A. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Segundo a **Orde do 6 de Outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currículo na nosa comunidade autónoma, as adaptacións curriculares son modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) para

atender ás necesidades educativas do alumnado motivadas por unha determinada dificultade persoal ou polas súas capacidades excepcionais. Recorrerase a elas unha vez esgotadas as medidas ordinarias e cando o alumno teña un desfase curricular de 2 anos. Para a súa elaboración seguirase o seguinte protocolo de actuación:

- Solicitude ao Departamento de Orientación dunha avaliación psicopedagóxica, coa emisión do Informe Psicopedagóxico.
- Á vista do Informe, efectuarase unha reunión de todos os profesionais implicados na posible adaptación curricular, coordinada pola Xefatura de Estudos.
- Informaráselle á familia sobre a medida a adoptar.
- Elaboración do documento de adaptación curricular.
- Revisión do documento nunha nova reunión e envío da proposta á Inspección por parte da dirección.
- Inspección aprobará ou non a ACS por un curso escolar.

O deseño e desenvolvemento da adaptación curricular será responsabilidade do/a mestre/a da área implicada, co asesoramento, se é preciso, do Departamento de Orientación. O seu desenvolvemento levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos na adaptación curricular e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

O referente da adaptación curricular será o currículo ordinario. Terá unha duración dun curso. A avaliación do alumnado que siga unha adaptación curricular farase en función dos criterios e estándares de avaliación establecidos nela. A adaptación curricular quedará reflectida nas actas de avaliación como ACS para as áreas que as precisen, no expediente académico, nos informes aos pais e no historial académico. As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios e estándares de avaliación do curso sobre o que se elaborara a adaptación. O seguimento da adaptación será trimestral. Ao finalizar o curso o titor ou titora, xunto co profesorado que imparta as áreas ou materias obxecto de adaptación, oídos os pais ou responsables legais do alumno, determinarán a pertinencia da promoción do alumno/a e a necesidade ou non de adaptación curricular no curso seguinte, así como establecer unhas liñas xerais.

O formato de ACS será o documento enviado pola inspección educativa.

### A. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Son unha medida extraordinaria de atención á diversidade. Poderanse constituír, con carácter temporal, como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial. Deberán contar coa autorización da Inspección educativa ou da Delegación Provincial. Para levar a cabo esta medida debemos de contar con suficiente profesorado.

### B. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE

- No mes de setembro, establecerase un horario provisional para a realización da avaliación inicial, que será o punto de partida para o establecemento das medidas ordinarias e extraordinarias oportunas que proporá o Departamento de Orientación.
- As demandas de apoios ao D.O. realizarase despois da avaliación inicial e da determinación das necesidades educativas dos/as alumnos/as. Realizarana o profesor/a titor/a

e o profesorado que imparte docencia no grupo de alumnos/as por escrito.

- Se as demandas de intervención superan o horario de dispoñibilidade do profesorado especialista de PT e AL, aplicaranse os criterios establecidos para priorizar a atención a alumnado con NEAE.
- Sen prexuízo do anterior, haberá apoio ao grupo clase por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria en diferentes aulas.
- Priorizaranse os apoios do profesorado do mesmo curso ou etapa con este orde de prioridade.
- Priorizarase a continuidade dun apoio cando persistan as necesidades que o xustificaron.
- Priorizarase a continuidade da atención dun especialista en PT e AL cun mesmo alumno/a.
- Priorizarase, se é o caso, os apoios nos cursos máis baixos, ao alumnado con menor grao de autonomía persoal ou cunhas necesidades educativas máis relevantes.
- Nas reunións do D.O. procederase a establecer as medidas de reforzo e/ou apoios que puideran precisar, así como as prioridades de atención e a distribución e seguimento dos mesmos.
- A distribución e o traballo nas aulas estarán sempre organizados en función das necesidades específicas do alumnado, mellorando así o aproveitamento dos apoios e a atención ao alumnado con NEAE, o cal esixe unha coordinación moi estreita co titor/a responsable do grupo de referencia.

## A. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

A escolarización en educación infantil e primaria, poderá excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto ao establecido con carácter xeral en ámbalas dúas etapas, en función, respectivamente das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado. Sen prexuízo do sinalado anteriormente, o alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa. En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural no que se cumpran os sete anos de idade, nin comezar a educación primaria antes do ano natural no que se cumpran os cinco anos. No caso de educación primaria, en ningún caso se poderá permanecer máis alá do ano natural no que se cumpran os quince anos de idade, nin comezar a educación secundaria antes do ano natural no que se cumpran os 10 anos.

Para a flexibilización do período de escolarización deberase contar coa correspondente autorización da Consellería de Educación. Antes de tomar esta medida haberá que esgotar todas as medidas ordinarias e de adaptación curricular ou organizativas previstas no presente documento para a atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

Segundo a **Orde do 27 de decembro de 2002**, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, o <u>procedemento</u> para a flexibilización será o seguinte:

- A Dirección do centro presentará a solicitude na Delegación Provincial xunto co informe do Departamento de Orientación xustificando a medida, a conformidade por escrito dos pais ou titores legais, fotocopia compulsada do historial académico ou certificación académica, e a proposta de Adaptación Curricular segundo a Orde do 6 de Outubro de 1995.

- Esta solicitude remítese, xunto co informe que emite a Inspección Educativa á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que autorizará ou denegará a flexibilización.

A realización das solicitudes farase a través da aplicación informática habilidata pola Consellería durante o mes de abril. As Delegacións envíana á Dirección Xeral antes do 31 de maio, e antes do 31 de xullo debemos recibir a resolución no centro.

Polo que respecta aos alumnos con altas capacidades debemos cinguirnos á **Orde do 28 de Outubro de 1996**, onde se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria para os alumnos con sobredotación intelectual. Neste caso, para solicitar a redución do período de escolarización obrigatoria debemos antes realizar os axustes curriculares oportunos (adaptacións curriculares con enriquecemento curricular). Necesitarase a autorización dos pais por escrito. Esta redución estará suxeita a unha continua avaliación podendo anularse a decisión se non se alcanzan os obxectivos propostos. Poderemos anticipar un ano en 1º curso de educación primaria cando na avaliación psicopedagóxica se prevexa que ten adquiridos os obxectivos de educación infantil, e que ademais é unha medida axeitada para o seu equilibrio persoal e socialización. Poderase reducir tamén un ano en educación primaria, sempre que non se anticipara antes.

Deberemos rexistrar a anticipación e a redución tanto no expediente académico como no historial académico, incluíndo no expediente o informe psicopedagóxico e a adaptación curricular realizados, así como a resolución pola que se autoriza a flexibilización.

No caso dos alumnos procedentes do estranxeiro seguiremos o establecido na **Orde do 20 de Febreiro de 2004** pola que se establecen medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. Nesta orde indícase que en ningún caso se pode incorporar un alumno a un curso inferior aos dous anteriores que lle corresponden por idade.

## A. MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

Tendo sempre en conta a liberdade de elección de centro, os principios de normalización e inclusión, as circunstancias persoais de cada alumno/a, a os recursos existentes, a os informes e ditames dos servizos de orientación e á flexibilidade e reversibilidade, na busca dunha ensinanza de calidade e do desenrolo persoal e social do alumnado. De acordo con ditos principios, priorizarase a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais nos centros ordinarios fronte ás unidades e aos centros de educación especial.

### 1) Requisitos

Ser alumnado con nee,

Ter esgotadas as medidas ordinarias,

Non poder dar resposta axeitada tódalas súas necesidades, dende o centro educativo ordinario.

Considerar a escolarización combinada como o recurso máis axeitado.

### 2) Concreción

Pódese considerar como medida máis axeitada a escolarización a tempo parcial dun alumno nun centro de educación especial, por ter os medios e recursos máis idóneos para unha mellor evolución deste/a alumno/a. O/a xefe/a do D.O. comunicarallo á familia, que deberá de dar o seu consentimento. Logo o xefe/a do D.O. elaborará un ditame de escolarización que enviará a inspección educativa, coa proposta de escolarización

combinada nun centro de educación especial concreto. Inspección educativa autorizará ou non este tipo de escolarización, previo informe do EOE se o considera oportuno.

3) Plan de coordinación entre modalidades

Unha vez autorizada a escolarización combinada faremos unha reunión co centro de educación especial para establecer os horarios, os obxectivos a acadar en cada un dos centros, os criterios comúns a ter en conta e as modalidades de coordinación.

4) Definición de prioridades na parte ordinaria

Dentro das prioridades, estableceránse en función das necesidades do alumno/a concreto/a, pero sobre todo priorizarase a integración e inclusión do alumno/a no grupo e no centro ordinario e no centro de educación especial. Un dos obxectivos principais é a participación activa do/a alumno/a na vida do centro, compartindo espazos e tempos co resto dos compañeiros, favorecendo a que o alumno asista as áreas non instrumentais no noso centro educativo.

## A. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO

1)Requisitos

Deberán ser alumnos que pertenzan a algún destes grupos:

Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penitenciaria,

Alumnado sometido a medidas de protección e tutela,

Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar,

Alumnado pertencente a familias itinerantes, e

Atención educativa a mozas embarazadas

2)Procedementos de coordinación coas familias

As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado, comprometeranse a compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, e nas decisións que afecten á escolarización e a os procesos educativos deste alumnado.
Levaranse a cabo reunións periódicas para informar da evolución do/a alumno/a e do cambio de circunstancias persoais. Tamén manteremos reunións cos Servizos pertinentes, dependendo da circunstancia persoal do alumnado.

## B. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

1)Requisitos

Será destinatario desta atención, de acordo co establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescrición médica, por un período de tempo superior a un

mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. En todos os casos contarase co preceptivo informe médico.

2)Procedementos de coordinación co profesorado externo

O profesorado de atención educativa domiciliaria deste alumnado desenvolverá o currículo de xeito globalizado, co apoio do profesorado de referencia do centro docente e de acordo co establecido no programa individualizado.
O profesorado que realice a atención educativa domiciliara informará ao centro docente da alumna ou do alumno do desenvolvemento desta atención, de acordo co establecido na temporización do programa individualizado. En calquera caso, elaborará, como mínimo, un informe mensual e/ou previo a cada avaliación. Cando a dita atención educativa domiciliaria remate, o profesorado que a realizou entregaralle ao centro docente un informe final.
O profesorado da atención educativa domiciliaria facilitaralles ás familias a información sobre o proceso educativo dos seus fillos ou fillas, potenciando a súa implicación e colaboración, na medida das súas posibilidades. Así mesmo, deberá cubrir unha folla de rexistro semanal de incidencias. Este rexistro entregaráselle á xefatura de estudos do centro docente ao que está adscrito. O alumnado autorizado para recibir atención educativa domiciliaria considerarase escolarizado a todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo entenderanse todas xustificadas. A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisións de promoción e titulación, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro docente no que está matriculado, segundo o establecido na normativa xeral da etapa correspondente.
O profesorado de atención educativa domiciliaria asistirá ás sesións de avaliación do curso no que estea escolarizado este alumnado ao que presta docencia.

## C. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS

1)Requisitos

Poderanse integrar en grupos flexibles de adquisición de linguas aqueles alumnos que descoñezan ámbalas dúas linguas. Deberán pertencer á mesma etapa educativa sen ter que pertencer necesariamente ao mesmo curso.

En Educación Infantil só acudirán os do último curso excepcionalmente.

2)Definición dos tempos e cargas horarias

O tempo máximo de permanencia no grupo é de tres meses, ampliando en casos moi concretos.
Dependendo da carga horaria do profesorado do centro e das necesidades educativas, para asumir a docencia deste grupo imos ter en conta:
- Se o alumnado coñece o inglés será o especialista en lingua inglesa, ou un mestre que teña a habilitación nesta lingua, o que asuma a docencia deste grupo.
- Se o alumnado coñece o francés será o especialista en lingua francesa, ou un mestre que teña a habilitación nesta lingua o que asuma a docencia deste grupo.
- Se o alumnado deste grupo coñece outro idioma e no centro hai profesorado que tamén o coñeza, será este quen asuma a docencia.

De non darse ningunha destas circunstancias, a titoría deste alumnado será decisión da xefatura de estudos a proposta do D.O.

Consideramos importante que si hai outro alumnado no centro que coñeza o idioma, levarase a cabo ensinanza titorizada por parte deste alumno, na medida do posible.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 5 períodos lectivos no último curso da educación infantil e 10 no primeiro ciclo da educación primaria, Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

Coa finalidade de facilita-la integración escolar e social do alumno, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física e educación artística, na educación primaria, No caso do último curso da educación infantil e no primeiro ciclo de educación primaria, ademais das actividades específicas que se poidan desenvolver no grupo de adquisición das linguas tamén se levarán a cabo no contorno da aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe das linguas.

O titor/a deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a un grupo ordinario, e será

o encargado da coordinación do equipo docente, asesorado, polo D.O.

A avaliación das aprendizaxes específicas sobre a lingua será continua, e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia, nos grupos ordinario e de adquisición das linguas.

Durante o período de permanencia no grupo de adquisición das linguas, os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro.

## D. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

1)Requisitos

Realizaranse grupos flexibles de alumnado con desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto a súa idade. A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose levar a cabo ao longo de todo o curso escolar. Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ao seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao seu desfase curricular

2)Definición dos tempos e cargas horarias

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 8 períodos no segundo e terceiro ciclo, e en ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular, poderá ocupar a totalidade do horario semanal de cada unha das materias coas que coincide.

Deberase establecer, polo profesor titor do alumno, a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o de adaptación da competencia curricular, especialmente no relativo ós aspectos de tipo metodolóxico, programación de actividades docentes e o establecemento dos criterios de avaliación do alumnado.

O profesorado que interveña nos grupos de adaptación da competencia curricular asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado. Sen embargo, a emisión das cualificacións

corresponderá ó profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado.

Así mesmo, os pais ou persoas responsables do alumno serán informados sobre os seus progresos na superación do desfase curricular, así como sobre a súa integración na vida do centro.

### E. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR

1)Requisitos

O requisito indispensable é o de haberse incorporado tardiamente ao centro, e ter un desfase curricular con respecto ao alumnado do curso no que está escolarizado.

Debemos de pedir a información necesaria ao centro de procedencia (informes, notas, expediente, informe persoal por traslado, informe psicopedagóxico se o houbese,...)

Unha vez revisada a documentación e posto en marcha o plan de acollida deste alumnado, levaremos a cabo unha avaliación deste alumnado, para poder incorporalo a o curso correspondente. Cando o seu nivel de competencia curricular, é inferior ao que lle correspondería por idade, escolarízase un curso por debaixo do que lle correspondería. Aplicaránselle as  medidas de reforzo oportunas.

Cando un alumno se incorpora tardíamente, non se escolarizá 2 cursos por debaixo ao que lle correspondería por idade, aínda que teña un desfase de 2 cursos.

2)Definición dos tempos, cargas horarias e modificación do curso de incorporación

O alumno permanecerá no grupo ao que é asignado e recibirá  apoios dentro da aula ordinaria.

Os reforzos serán levados a cabo polos mestres que lle dan docencia, e polo/a especialista en PT e AL, se é o caso.

Podemos levar a cabo un grupo flexible de competencia curricular cando o desfase e de 2 ou máis cursos. A permanencia nestes grupos será dunha fracción da xornada escolar, coincidindo principalmente coas materias instrumentais. Poderáse levar a cabo esta medida ao longo de todo o curso.

Se o alumno é incorporado a un curso inferior ao que lle corresponde por idade, e supera os estándares establecidos no currículo para ese curso, poderá incorporarse ao que lle corresponde por idade.

## 1. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESEÑADAS

## 6.1. MEDIDAS ORDINARIAS

### A. ELABORACIÓN DOS GRUPOS

| Responsables | Temporalización | Recursos |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• Asesora DO | • Setembro (infantil/primaria) | • Informes xuntas avaliación<br>• Informes centros adscritos |

### A. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS

| Responsables | Temporalización | Recursos |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• Asesora DO | • Setembro | • Informes Psicopedagóxicos<br>• Informes avaliación inicial<br>• Informes centros adscritos |

## A. EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

| Responsables | Temporalización | Recursos |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• Asesora DO | • Xuño | • Informes xuntas avaliación<br>• Informes avaliación inicial<br>• Informes centros adscritos |

## A. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Profesor/titor (elabora)<br>• DO (asesora)<br>• Xunta avaliadora | • En calquera momento do curso | • Comunicación aos pais<br>• Rexistro no XADE |

Sempre que sexa necesario implicará modificación metodolóxica sobre elementos non prescriptivos incluíndo procedementos de avaliación (protocolos TDAH/TEA)

## A. APOIO DO PROFESORADO DENTRO DA AULA

| Responsables | Temporalización | Lugares |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• DO (asesora)<br>• Profesor titor/responsable da materia (elabora e avalía)<br>• Profesorado con dispoñibilidade horaria | • En calquera momento do curso | • Dentro da aula |

## A. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Eq. directivo (supervisa e executa)<br>• Asesora DO<br>• Profesor/Titor (elabora) | • En calquera momento do curso | • Comunicación aos pais<br>• Rexistro no XADE |

## A. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
